

Decembro 2021/ número 0

# A s o u t r a s c o u s a s d o C a s t e l a o

## QUENDA ADULTOS

*Temas*

### **CREACIÓN LITERARIA E CRÍTICA**

David López

### **RECOMÉNDAME**

Mónica Fernández

### **CREACIÓN VISUAL**

Valeria Tapia

Fotografía portada: Jeremy Conde

# Videoxogos

## ¿Son violentos ou prexulgados ?

Por David López

En máis dunha ocasión, nos últimos anos, acúsase aos videoxogos de ser a causa de algúns comportamentos ou situacións violentas. Non son máis que prexuízos das persoas que presentan ignorancia con respecto a ese tema en concreto. Vou desmontar estes prexuízos con varios estudos universitarios, una youtuber e divulgadora científica, as declaracións dun psiquiatra dos máis valorados de España e unha opinión persoal.

Estudos que desmenten a violencia dos videoxogos nas persoas e que afirman que os videoxogos provocan unha serie de beneficios:

*O Journal of Cyberpsychology, Behavior and Social Network*, publicou hai uns anos un estudo sobre o "Grand Theft Auto" chamado "Growing up with GTA in adolescents for 10 years" no que se explica como durante 10 anos fíxose unha análise sobre adolescentes de ambos sexos e a súa relación cos videoxogos violentos. Dividíronos en 3 grupos: a) Os que xogaban a idade temperá con videoxogos violentos como lecer (4%), b) Os que desfrutaban a idade

temperá con xogos violentos (23%) e c) Os que non xogaban a videoxogos violentos (73%).


O resultado foi que os xogadores dos xogos violentos non mostraban máis agresividade que os que non xogaban a xogos violentos, desmentindo por completo que os xogos provocan agresividade no suxeito.

Agora propoño unha serie de beneficios que poden subtraerse da utilización dos videoxogos:

A) Segundo un estudo da Universidade de Grenoble Alpes (Francia), e varios informes científicos, os videoxogos melloran a capacidade lectora e a atención visual. Isto pode axudar as persoas con dislexia.

B) Pode tratar a ambliopía (síndrome do ollo vago), xa que, segundo un estudo da Universidade de California pode mellorar os reflexos e a agudeza visual un 30%.

C) Pode usarse como ferramenta para a fisioterapia cos xogos que necesitan movemento corporal como os da consola wii. Isto foi implementado no Hospital Vall d'Hebron de Barcelona,



demonstrándose que pode axudar as persoas con Parkinson e esclerose múltiple.

D) Segundo outros estudos melloran a capacidade de tomar decisións e a memoria, entre outras.

No referido anteriormente, queda claro que as acusacións como as do xornal *El País*, nas que afirmaban que a violencia coma o do "Caso Samuel" foi alimentada polo xogo Fortnite, carecen de fundamento. Os xogos non producen violencia, ao contrario, incluso poden axudar a desafogarse.

Por outra parte, tamén o cine e a literatura foron culpabilizados de fomentar determinadas condutas violentas: fai uns anos, un cinéfilo da película *Batman-O cabaleiro escuro*, o 20 de xullo de 2012, disfrazado do vilán da película (Bane), matou a varias persoas con armas de fogo nun cine de Denver (EE.UU). No caso da literatura, un mozo, que sufría *bullying* no colexio, despois de ler o libro de Stephen King, *Rabia* (1977), mataba aos seus compañeiros. E o 26 de abril de 1988, Jeffrey Lyne Cox estudante do colexio San Gabriel en California

usou un rifle semi-automático para tomar como reféns a 60 estudantes inspirándose no mesmo libro.

Agora atacan aos videoxogos co mesmo argumento, pero son as persoas problemáticas a razón destas agresivas condutas, non é culpa da literatura, o cine ou os xogos.

A continuación, deixo dous vídeos con máis información. Un é da youtuber e divulgadora científica Rocío Vidal (La Gata de Schrodinger), e outro dun dos psiquiatras máis prestixiosos de España, o Dr. José Miguel Gaona, que debate con outro doutor en biomedicina e especializado en neurobioloxía, Pablo Barrecheguren.

Ligazóns:

Rocío Vidal, La Gata de Schrodinger:

[En DEFENSA de los VIDEOJUEGOS con Ibai Llanos y Jordi Wild](#)

Dr. José Miguel Gaona debate:

[LRS /02x21.b/ - ¡EMPIEZA EL JUEGO! ...Y SUPERAMOS LAS 5.000 FIRMAS](#)

# RECOMÉNDAME GALICIA

Por Mónica Fernández

## Unha festa: Arde Lucus

É unha festa de temática histórica romana que se celebra na cidade de Lugo a mediados de xuño de cada ano

para conmemorar a súa fundación.

Reúne a centos de persoas que disfrazados dentro da temática, con roupa realmente traballada, percorren as decoradas rúas da cidade e participan nas diversas actividades organizadas polo concello, que inclúen, segundo o ano, vistosos desfiles militares de soldados romanos, carreiras de carros, batallas de gladiadores e torneos de xogos tradicionais.



## O galego:



É unha lingua románica falada principalmente en Galicia, moi relacionada co portugués co que formou unha unidade lingüística (galego-portuguesa) durante a Idade Media.

Mais alá da definición técnica, o idioma galego é o noso sentir, a nosa propia identidade.

Cómo recoñecer a un galego? Doado! Os galegos facemos as cousas ó noso *xeito*, sen *arroutas*, *con sentidiño*.

Damos *bicos*, *agarimos*, *saúdos* e *apertas*, *fuchicamos* onde ninguén nos mandou, somos *toxos*, *enxebres*, *rabudos*, *repugnantíños* e *rosmóns* pero non *parvos*!

Un *chisco lambóns* e *larpeiros*. Damos *colos* aos nosos *cativos*, por

certo, *cuspidiños a súa avó*. *Cheiramos os roxóns rexeitamos pan reseso*, cocemos o *polbo na pota* enriba *da lareira*, comemos croques, vieiras, percebes, e en Vigo ata *patatillas*. *Non sabemos se subimos ou baixamos, depende. Respostamos con outra pregunta. E somos morriñentos pero, tamén riquiños. Non si?*

*Manda carallo!*

## A nosa gastronomía

Caracterizámonos por ser de bo comer e de bo beber. E con fartura! O prato nunca debe estar baleiro. Velaí unha pequena mostra dos alimentos, bebidas e licores da terra

Tortilla de Betanzos, queixos de Arzúa, tetilla con DO, pementos da Arnoia e

Padrón (Herbón), cigalas de Marín, xudías de Lourenzá, capón de Vilalba, pan

de Cea, tarta de Santiago, mexilóns, castañas e mel de Galicia, xamón galego,... e por suposto non podemos esquecer a nosa tenreira galega, a rubia por excelencia.



Podes catar os nosos viños Albariño, ou os da D.O de Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Valdeorras. Cervexa? Estrella Galicia, Nos, 1906, ... Auga? Temos moitos e moi bos mananciais: Cabreiroá, Mondariz, ou Belesar (Baiona) entre outros.



# GALERÍA DE IMAXES

Valeria Tapia

